



CONTACTO:

centropsicoterapia@meninos.org

604 069 075


centropsicoterapia.t2@meninos.org

607 116 642

www.meninos.org

Imaxe portada: Freepik.
Imaxe interior: Stocksnap.

Programa de intervención con
NENOS E NENAS vítimas de
VIOLENCIA DE XÉNERO



O IMPACTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA INFANCIA

A violencia de xénero é considerada actualmente pola OMS como **un dos maiores problemas internacionais de saúde pública enormemente parecido en todos os lugares e culturas.**

Os nenos e nenas sofren de forma directa e inmediata **as consecuencias físicas e emocionais** que comporta a violencia de xénero no seu contexto familiar. Ademais québranse as bases de seguridade, afecto e confianza **necesarias para a adaptación psicolóxica futura**, como consecuencia de ter vivido e formado a súa personalidade nun ambiente familiar disfuncional.

O PROGRAMA: CLAVES DA INTERVENCIÓN REPARADORA



Situar á **infancia como prioridade** poñendo as súas necesidades nun primeiro plano.



Garantir a **seguridade física e emocional de nenos e nenas**, restaurando as capacidades de empatía, confianza e afecto.



Recuperar a **relación de cuidado materno-filial** e reparación do vínculo.



Considerar a condición sistémica e ecolóxica da violencia de xénero, imprescindible para **mudar o contexto socio-cultural** no que se xenera.

PERSOAS DESTINATARIAS

Este programa, promovido pola **Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia** e desenvolvido pola **Fundación Meniños**, está dirixido a nenos e nenas vítimas de violencia de xénero e ás súas persoas coidadoras, detectados polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, ou calquera instancia relacionada con esta problemática.

“ O que sucedeu non se pode cambiar, pero **pódese continuar a medrar** a pesares do vivido ”

